



Parlamento das Letras: Celia Díaz Núñez

Publicado o [22/09/2018](#)

Celia Díaz Núñez garda na súa caste literaria a forza toda do Páramo lugués na que naceu e o lentor antigo da súa Quiroga adoptiva. Nese territorio de ambasmestas, cruzado de voces e lendas doutro tempo e realidades intensas de arestora, vai sulcando o seu balandro os ríos de palabras que lle saen ao camiño, que ora son afluentes infantoxuvenís ora narrativas institucionalizadas, por veces regatos investigadores e fervenzas didácticas.

Tanto e tan celmoso caudal foi dándonos títulos adeliños para a cativada, historias de cataventos, princesas e poetas, relatos de intriga ruganda e imaxinación inzada de papaventos. Tamén, xaora, novelas para os grandeiros de verdades amargas e aínda narracións para toda idade que apousan nas sabas do Imperium e as revoltas castrexas pola Boca do Monte.

As voces da Terra acódena nas palabras que seguen, van trenzadas nela como un herdo da tradición que espella en fulguracións e ilumina o criterio sutil de quen sabe e se sabe, porque escribe e nos escribe.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os primeiros libros que publiquei foron dous premios literarios que, como adoita acontecer en moitos certames, levaban implícita a edición da obra gañadora. Trátase de *Adeliña*, que gañou no 2003 o I Premio Pura e Dora Vázquez e de *Cataventos e Cía*, que acadou no 2004 o Barriga Verde de textos dramáticos para monicreques. Eses dous premios foron para min moi importantes porque supuxeron un estímulo para continuar escribindo. Con anterioridade publicara no 1982 ensaios literarios para a revista *Trebo* que daquela se editaba en Ourense, e máis tarde o libro *Voces da terra*, un estudo acerca dos escritores quirogueses.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Unha verdade amarga, publicada por Galaxia en 2017, está sendo moi ben tratada, tanto pola crítica como polos lectores. É unha novela sobre a identidade e a memoria e sobre o que acontece cando a perdemos. Tamén estou moi satisfeita da boa acollida de *A boca do monte*, que foi finalista do Premio Frei Martín Sarmiento 2016 e vai xa pola cuarta reimpresión. Esta novela sitúase na Galiza do século II despois de Cristo, un período pouco coñecido e aínda menos literaturizado e recrea un acontecemento real como é a construción do túnel romano de Montefurado. Proximamente engadiremos na páxina de Galaxia un roteiro literario polos principais escenarios nos que transcorre a acción e mais unha breve adaptación teatral dalgúns capítulos significativos.

Seguramente a miña obra máis descoñecida é *Velaí vai o papaventos*, unha peza de teatro que, logo dunha desagradabilísima experiencia nun certame literario, decidín autoeditar no 2014,

nunha coidada edición con magníficas ilustracións de Marina Seoane. Está tamén dispoñíbel en versión dixital en Amazon. A obra tivo boa acollida nos colexios e conta xa con varias representacións, o que supón unha ledicia inmensa, pois ese é o destino principal de calquera obra dramática.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Manías non teño; hábitos, si. Escribo sempre a ordenador e a calquera hora do día, é dicir, cando podo. Antes de comezar doulle moitas voltas na cabeza, tomo notas en cadernos e no móbil, elaboro guións e esquemas, mais todo se desbarata en canto a historia comeza a fluír. Ás veces acompañome de música de fondo, instrumental principalmente. Cando escribía *Unha verdade amarga* soaba repetidamente o tango “Naranjo en flor”, na voz do meu parente bonaerense Luís María Bragato. Na novela que estou escribindo actualmente tamén a música ten unha presenza importante e escoito distintas cancións que me axudan a perfilar os personaxes.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Iso dependería do criterio da persoa que a realizase e da perspectiva que adoptase: cronolóxica, temática, xeográfica... En calquera caso, sentiríame moi honrada con ser incluída e figurar ao carón dos outros autores e autoras.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Teño aínda unha obra breve, demasiado para poder trazar unha traxectoria. Procuo ir amodiño, quero ser esixente comigo mesma. Se me paro a pensar, creo que hai dúas constantes no que ata o momento levo escrito. En primeiro lugar, no que se refire ás novelas, a localización en espazos xeográficos concretos que me son moi queridos e nos que a paisaxe cobra especial importancia. En segundo lugar, e de maneira moi consciente, o interese por recoller o galego vivo: no meu caso, o galego do Páramo e de Quiroga, tamén o de Ourense. Así, eu digo “concheiro” e non nogueira, digo “garaboia” e non caguña, digo “madia leva” e non madía, digo “non ter paradura” e non paraxe ou emprego expresións tan courelás como “Oh vi!”. Esas son as miñas palabras auténticas, coas que me identifico, nas que me recoñezo. Unha das tarefas do escritor é a de incorporar as voces vivas, xenuínas, para que non desaparezan, para conservar a riqueza léxica da nosa lingua. Moitas palabras que agora non están recollidas nos dicionarios incorporaranse na medida en que os escritores e as escritoras as empreguemos.

Tamén procuro revisar, repasar, corrixir, puír. Adoito ler en alto os meus textos para captar o ritmo, a sonoridade das verbas e escoller a que me semella máis apropiada. Concorro con Paul Auster en que a tarefa de escribir consiste tanto en quitar palabras como en engadilas.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Moitas, moi diversas e varias á vez. As miñas lecturas son moi eclécticas. Ultimamente acompañanme Auster, Joyce Carol Oates, Chimamanda Ngozi Adichie, Murakami, Orhan Pamuk, Lorrie Moore... Este verán descubrín a Edith Wharton, que me legou unha nova perspectiva de Nova York. As miñas relecturas son tamén moi variadas: Valente, Cunqueiro, Borges, Cortázar, Novoneyra... Recentemente volví a *As mil e unha noites*, da que gardaba unha soidosa lembranza adolescente. Hai uns meses nunha librería de segunda man puiden facerme cun exemplar da mesma edición que eu lera e reencontrarme cos fermosos gravados en branco e negro que tanto lembraba e coas exóticas historias de Sherezade.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Sobrar nada, posto que todas as achegas son positivas. Fáltalle visibilidade, recepción e proxección. É dicir, máis lectores e lectoras, máis presenza nos xornais, nos escaparates, noutros sistemas literarios... e, evidentemente, falta apoio institucional.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Non creo que, chegado o caso, me dedicase a escribir, senón a vivir con intensidade os derradeiros momentos coas persoas que quero. De escribir algo, seguramente serían cartas ou textos persoais para eles. Ao mellor, tamén aproveitaba para desfacerme dalgúns textos que teño gardados e non merecen a pena.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Desde o punto de vista da creación: moi boa. Contamos con variedade de xéneros, de estilos, novas propostas temáticas e formais. Hai unha crecente presenza de voces femininas, sobre todo na poesía. En definitiva, unha oferta moi plural e de calidade, apta para todo tipo de público.

Desde o punto de vista da proxección, como xa comentei, segue habendo prexuizos e complexos que impiden que esteamos nun sistema normalizado.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Quero expresar o meu agradecemento a esta oportunidade que me brindas de participar neste Parlamento das Letras. E tamén recoñecer a importancia de proxectos coma este *Criticalia*, que divulgan a nosa escrita e fan máis visible o noso panorama literario.